



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

XDO.1A.INST.E INSTRUCCIÓN N.1

CALDAS DE REIS

SENTENCIA: 00001/2020

AVDA.ROMÁN LÓPEZ N 5

TELEFONOS: CIVIL 886206623

PENAL 886206625

Teléfono: ., Fax: 886206627

Correo electrónico:

Equipo/usuario: MG

Modelo: N04390

N.I.G.: 36005 41 1 2018 0000954

ORD PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000392 /2018

Procedimiento origen: /

Sobre OTRAS MATERIAS

INTERVINIENTE , DEMANDANTE D/ña. MINISTERIO FISCAL, [REDACTED]

Procurador/a [REDACTED]

Abogado/a [REDACTED]

DEMANDADO D/ña. ORANGE ESPAGNE S.A.U [REDACTED]

Procurador/a [REDACTED]

Abogado/a Sr/a.

S E N T E N Z A

Caldas de Reis, 26 de decembro de 2.019.

Vistos por, [REDACTED], Maxistrada-Xuíza Titular do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº1 de Caldas de Reis e o seu Partido, os autos de Xuízo Ordinario rexistrados co nº392/19 na instancia do procurador dos tribunais [REDACTED], en nome e representación de [REDACTED], contra a compañía telefónica "ORANGE ESPAGNE, S.A.U.", dítoise a presente sentenza con base nos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O procurador dos tribunais [REDACTED], en nome e representación de [REDACTED], presentou demanda de xuízo ordinario o día 16 de outubro de 2.018, a compañía telefónica "ORANGE ESPAGNE, S.A.U."

SEGUNDO.- Admitida a trámite a demanda por decreto de 28 de febreiro de 2.019 e contestada a demanda en tempo e forma citouse ás partes para a realización do acto da audiencia previa que tivo lugar o día 17 de xuño de 2.019 e practicada toda a proba admitida e presentados os escritos de conclusións quedaron as actuacións vistas para ditar sentenza.

No presente procedemento cumpríronse tódolos requisitos legais previstos nos **artigos 399 e ss. da Lei de Axuizamento Civil.**

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Pedimentos das partes.

Neste procedemento a parte demandante exercitou acción de vulneración do dereito á honra baseada na **Lei Orgánica 1/82 de 05 de maio de Protección Civil do Dereito á Honra á Intimidade Persoal e Propia Imaxe e artigo 18.1º da Constitución**, por mor da cal solicitou que se declare que a entidade demandada cometeu unha intromisión ilexítima na honra do demandante, que se condene á referida entidade ó pagamento da cantidade de 12.000 euros en concepto de indemnización por prexuízos morais derivados de tal intromisión ilexítima que se requira a devandita entidade para que realice tódolos actos necesarios para excluír ó demandante do ficheiro de morosos ASNEF-EQUIFAX cancelando a inscrición correspondente. Todo elo con condena en custas da parte demandada. A parte demandante basea a súas pretensións no feito de que a entidade demandada "Orange Espagne S.A.U." incluíu os seus datos no ficheiro de morosos de ASNEF-EQUIFAX o día 20 de outubro de 2.017 pola contía supostamente adebedada polo actor de 53,91 euros resultando que, consultado este ficheiro pola compañía aseguradora [REDACTED], o demandante tivo problemas para contratar un seguro. Polo exposto, esta parte, como xa se dixo, exercitou as pretensións antes referidas solicitando a condena en custas da parte contraria.

A parte demandada [REDACTED] e as pretensións exercitadas pola parte actora e alega que a débeda por mor da cal o demandante foi incluído no ficheiro de morosos era unha débeda vencida, líquida e esixible derivada da contratación dunha liña telefónica, débeda que foi reclamada ó actor sen que este realizara o seu pagamento. Esta parte manifestou tamén no seu escrito de contestación á demanda que ningún dano ocasionou ó demandante sendo que a inclusión deste no ficheiro de morosos produciuse por unha débeda non aboada deliberadamente polo demandante, realizándose a inclusión en tal ficheiro de xeito legal e sen que se acredítase polo actor a existencia de ningún prexuízo susceptible de ser indemnizado. Polo exposto, esta parte solicitou que non se acollan as pretensións deducidas pola parte demandante con condena en custas da mesma.

SEGUNDO.- Cuestión controvertida.

En canto a cuestión controvertida neste procedemento non é outra que determinar se efectivamente concorren ou non os requisitos esenciais para que prospere a acción exercitada

pola parte demandante, acción que, como xa se dixo, é a dirixida á protección da honra do demandante.

En relación a esta acción, a mesma ten a súa base normativa nos **artigos 18-1º da Constitución Española, 7.7 e 9.3 da Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, sobre protección civil do Dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe** e resulta tamén de aplicación a doutrina do Preno do Tribunal Supremo recollida na sentenza de 24 de abril de 2.009, segundo a cal: "...como principio, la inclusión en un registro de morosos, erróneamente, sin que concorra veracidad, es una intromisión ilegítima en el derecho al honor, por cuanto es una imputación, la de ser moroso, que lesiona la dignidad de la persona y menoscaba su fama y atenta a su propia estimación. Efectivamente, tal persona, ciudadano particular o profesionalmente comerciante, se ve incluido en dicho registro, lo cual le afecta directamente a su dignidad, interna o subjetivamente e igualmente le alcanza, externa u objetivamente en la consideración de los demás, ya que se trata de una imputación de un hecho consistente en ser incumplidor de su obligación pecuniaria que, como se ha dicho, lesiona su dignidad y atenta a su propia estimación, como aspecto interno y menoscaba su fama, como aspecto externo.

Y es intrascendente el que el registro haya sido o no consultado por terceras personas, ya que basta la posibilidad de conocimiento por un público, sea o no restringido y que esta falsa morosidad haya salido de la esfera interna del conocimiento de los supuestos acreedor y deudor, para pasar a ser de una proyección pública. Si, además, es conocido por terceros y ello provoca unas consecuencias económicas (como la negación de un préstamo hipotecario) o un grave perjuicio a un comerciante (como el rechazo de la línea de crédito) sería indemnizable, además del daño moral que supone la intromisión en el derecho al honor y que impone el **artículo 9.3 de la mencionada Ley de 5 de mayo de 1982**".

Segundo se desprende do contido de devandita sentenza o requisito fundamental para que efectivamente se poida falar de intromisión ilexítima do carácter de crédito á honra a través da inclusión de datos de carácter persoal nun ficheiro de morosos non é outra que o carácter errado ou inverosímil do carácter de moroso da persoa efectivamente incluída en tal ficheiro, sen prexuízo de que se producira ou derivara ningún tipo de prexuízo moral ou patrimonial con tal inclusión, sendo o feito mesmo do carácter errado da mesma unha intromisión ilexítima susceptible de ser indemnizada. A este respecto e, antes de entrar a examina-la proba obrante en autos, compre recorda-las regras relativas á carga probatoria contidas no **artigo 217 da Lei de Axuizamento Civil**, sendo, polo tanto neste caso, a parte demandante quen debe acreditar-lo carácter indevido da inclusión dos seus datos no ficheiro en cuestión.

Así as cousas e partindo das anteriores premisas e do feito de que a inclusión do demandante en tal ficheiro, (ASNEF), realizada por Orange non foi negada por esta parte, compre pasar a examina-la proba practicada ós efectos de determinar se efectivamente concorren neste caso as circunstancias anteditas, circunstancias que son negadas pola parte demandada que afirma, como xa se dixo, que o demandante debía realmente a contía pola que foi incluído no ficheiro.

A este respecto a parte actora manifestou que, contratou unha a liña telefónica ca entidade demandada "Orange Espagne S.A.U." co número [REDACTED] e outra de internet con número [REDACTED], (feitos non controvertidos), e, segundo esta parte a finais de 2.016 procedeu telefónicamente a dar de baixa a liña correspondente ó router wifi, sendo que, a pesares de tal circunstancia a entidade demandada fíxolle dous cargos de 3,63 euros nos dous meses seguintes en concepto de mantemento de liña, dado que, segundo a explicación que lle deron despois dunha nova chamada telefónica, non se procedera a dar de baixa a liña senón á suspensión do servizo por un período de tempo de seis meses. Nesa mesma conversa telefónica o demandante solicitou novamente a baixa definitiva a pesares do cal a compañía telefónica aludida seguiu-lle remitindo facturas por un valor total de 53,91 euros que o demandante non aboou por entender que devandita contía era indebida.

Pois ben, a proba practicada en aut[REDACTED] acredita a versión ofrecida polo demandante. Efectivamente, o documento achegado a autos pola propia parte demandada no que se conteñen extractos das interaccións telefónicas entre o demandante e a compañía telefónica, (documentación achegada despois da audiencia previa o día 09 de xullo de 2.019), acredita que, moita antes de incluír ó demandante no ficheiro de morosos, a compañía telefónica tiña coñecemento da petición de baixa do demandante xa solicitada con anterioridade sen que conste resposta ningunha da compañía ó respecto, sendo que o día 24 de agosto de 2.017 consta outra chamada telefónica na que o cliente manifesta que chamou varias veces para darse de baixa sen que tampouco nesa chamada se resolvese o problema.

A pesares destas chamadas telefónicas a compañía de seguros demandada [REDACTED] mitindo facturas e en outubro do ano 2.017, procedeu [REDACTED] remitir-llos datos do demandante para a súa inclusión no listado de morosos en cuestión, (documento nº8 da demanda).

Así as cousas, segundo esta Xulgadora resulta indebida devandita inclusión, sendo que no momento de realizala a parte demandada tiña coñecemento dunha discrepancia co cliente en relación ó pagamento das facturas emitidas desde decembro de 2.016 sendo as mesmas controvertidas, dado que, como xa se dixo, os extractos das interaccións telefónicas antes referidos demostran incidencias reiteradas relacionadas ca baixa do servizo que poñen en dúbida o carácter debido das facturas emitidas con posterioridade.

Acreditado o carácter indebido da inclusión do demandante no listado de morosos, compre determina-la contía indemnizatoria que corresponde neste caso, dado que, segundo a doutrina xurisprudencial antes exposta, a simple inclusión indebida supón unha inxerencia ilexítima no dereito á honra do demandante susceptible de ser indemnizada, sen que sexa preciso acreditar ningún outro tipo de prexuízo.

En relación á contía indemnizatoria en materias como a que aquí nos atinxe a sentenza do Tribunal Supremo de 21 de novembro de 2.008 sinala: "... queda a la soberanía del tribunal de instancia hacerlo, señalando las que, fruto de la libre valoración probatoria, han de entenderse concurrentes y relevantes en este concreto caso para cifrar la cuantía indemnizatoria".

Pois ben, neste caso, partindo da documental obrante en autos, tendo en conta o tempo que leva o demandante no ficheiro en cuestión, (desde, como mínimo o día 20 de outubro de 2.017, documento nº8 da demanda), a cantidade de chamadas telefónicas realizadas á compañía telefónica sen obter máis resposta que a remisión do asunto a un suposto supervisor, (documento achegado a autos pola parte demandada o día 09 de xullo de 2.019), e o feito de que os datos do demandante foron consultados no referido ficheiro cando menos en dúas ocasións, (documentación achegada a autos o día 12 de xullo de 2.019), considera esta Xulgadora ponderada, segundo devanditas circunstancias, unha contía indemnizatoria de 5.000 euros.

TERCEIRO.- Custas.

En canto ás custas, aplícase o previsto no **artigo 394 da Lei de Axuizamento Civil**: imporanse á parte que vexa integramente inadmitida-las súas pretensións, neste caso a parte demandada.

DECISIÓN

ACORDO ACOLLE-LA demanda presentada polo procurador dos tribunais ■■■■■■■■■■, en nome e representación de ■■■■■■■■■■ contra a compañía telefónica "ORANGE ESPAGNE, S.A.U" e, por conseguinte:

1.- DECLARO que "ORANGE ESPAGNE S.A.U." cometeu unha intromisión ilexítima no dereito á honra do demandante ■■■■■■■■■■, ó introduci-los seus datos no ficheiro de morosos ASNEF-EQUIFAX desde, cando menos, o día 20 de outubro de 2.017, e condeno á parte demandada a estar e pasar por tal declaración.

2.- CONDENO á "ORANGE ESPAGNE S.A.U." a aboar a ■■■■■■■■■■ a cantidade de 5.000 euros en concepto de indemnización polos prexuízos derivados da inclusión ilexítima referida.

3.- CONDENO á "ORANGE ESPAGNE S.A.U." a realizar tódalas actuacións necesarias para excluír ó demandante do listado de morosos referido en relación á débeda polo que foi incluído e referida no presente procedemento.

Con expresa condena en custas á parte demandada.

Notifíquese esta resolución ás partes y fágaselles saber que a mesma non é firme e contra ela cabe presentar **RECURSO DE APELACIÓN** ante a **ILMA. AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA** no prazo de **VINTE DÍAS** que se conta dende o día seguinte ó da súa notificación.

Por esixilo así a disposición adicional decimoquinta da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo, **A PRESENTACIÓN DE RECURSO CONTRA A PRESENTE RESOLUCIÓN ESIXE A CONSTITUCIÓN DUN DEPÓSITO DE 50 EUROS.**

O depósito da mentada suma deberase acreditar no momento de prepara-lo recurso de apelación.

Están exceptuados da obriga de constituí-lo depósito quen teña recoñecido o dereito de asistencia xurídica gratuíta.

Así o pronuncia, manda e asina [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] Maxistrada-Xuíza titular deste Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº1 de Caldas de Reis e o seu Partido.

PUBLICACIÓN.- Dada, lída e publicada, foi a anterior sentenza pola Sra. Maxistrada-Xuíza que a suscribe, en audiencia pública. **DOU FE.**

Mensaje LexNET - Notificación

Fecha Generación: 03/01/2020 11:31

